

ACTIVIDADE

UNHA ESCOLA PARA SAYA

Conceptos clave

- ☒ Interdependencia
- ☐ Imaxes e percepcións
- ☐ Xustiza social
- ☐ Conflitos e resolución
- ☒ Cambio e futuro

Obxectivos

- Fomentar a empatía e desenvolver actitudes solidarias.

Avaliación

- Escoita activa e grao de participación.

Material

- Presentación interactiva “Unha escola para Saya” dispoñible no USB da carpeta de materiais educativos “A auga lévanos á escola” e na web www.enredate.org.

Descobre con Saya, unha simpática nena nixerina empeñada en ir á escola, o vínculo que se establece entre o acceso a auga e o dereito á educación.

Instrucións

“Unha escola para Saya” é unha presentación interactiva en forma de conto. Está pensada para proxectarse en pizarra dixital aínda que tamén pode empregarse con un proxector convencional. A presentación ten algúns sons que axudan á ambientación pero pode utilizarse perfectamente sen audio. Ao longo do conto encontrarás os seguintes xogos:



Expresións faciais. A narración irache indicando os diferentes estados de ánimo de Saya, fai clic sobre a expresión facial que mellor coincida co estado de ánimo indicado.



Busca e descobre. Saya necesita atopar os baños na súa escola. Abre as distintas portas facendo clic nelas e sorpréndete.



Garabatos. Fai clic sobre a figura de Saya e traza o seu camiño de casa á escola. Ten coidado de non saír do camiño nin chocar cos perigos que saíran ao teu encontro. Cando o trazo se saia do camiño marcarase en vermello e cando choque cun perigo o xogo pararase uns instantes.



Atrapa as gotas. Cada gota representa unha pequena contribución e uníndose fan posible unha gran transformación. Fai clic sobre cada gota e íranse xuntando para transformarse nunha escola.



Plantilla para colorear. Imprime e colore a escola de Saya e os seus amigos.

Densenvolvemento

1. Proxectade a presentación interactiva e resolvevedes xuntos os xogos que se van presentando.

2. Imprime e coloreade a escola de Saya e os seus amigos.

3. Comentade en grupo como vos gustaría que fora a escola de Saya